



O Xefe do Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense informa do seguinte:

I - ANTECEDENTES

Con fecha 31 de agosto de 2005 (nº de registro de entrada 16.693 de la Delegación Provincial de la Consellería de Medio Ambiente) los vecinos de la comunidad de montes de Meaus (Baltar), solicitan la transformación, de la parte que les afecta, del consorcio existente sobre su monte.

El acuerdo de solicitar dicha transformación, fue tomado por la asamblea general de comuneros con fecha 20 de febrero de 2005.

II - SUPERFICIE Y POSICIÓN ADMINISTRATIVA

El 30 de noviembre de 1976 el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común de la provincia de Ourense, tomó el acuerdo de clasificar como vecinal en mano común el monte denominado "Cebreiro e Veiga" como perteneciente a los vecinos de Meaus, en el concello de Baltar, provincia de Ourense.

El consorcio "Comunal de Meaus y Tosende" OR- 3090 fué aprobado por el Patrimonio Forestal del Estado, con fecha 13 de septiembre de 1961. Tiene una superficie en la actualidad de 284 has, perteneciendo en su totalidad a los vecinos de Meaus. Se trataría de la segunda y última segregación.

El convenio que se propone quedaría integrado por 284 has. procedentes en su totalidad del consorcio OR-3090.

III - CUENTA DE GASTOS E INGRESOS

El cálculo de gastos e ingresos del nuevo convenio, se realiza mediante la asignación, proporcional a la superficie, de los gastos e ingresos generados en el consorcio que afecta a la comunidad de Meaus.

Conforme a lo dispuesto en la disposición adicional segunda de la Ley 13/89 de 10 de octubre de la Xunta de Galicia sobre montes vecinales en mano común, la deuda existente hasta el año de la clasificación (1976) queda condonada.



1º.- Gastos e ingresos generados en el consorcio "Comunal de Meaus y Tosende" OR-3090

Gastos realizados por la Administración forestal hasta el 31 de diciembre de 1976 (año de clasificación del monte vecinal)..... 3.150.639.-
pts.

Gastos realizados por la Administración forestal desde el 1 de enero de 1977, hasta el 31 de diciembre de 2004..... 62.624.155.-
pts.

De los cuales:

39.583.945.-pts corresponden al periodo 1977-1993
19.735.195.-pts. corresponden al periodo 1994-1999
0.-pts corresponden al periodo 2000-2004
3.305.015.- pts corresponden a prevención de incendios

Ingresos obtenidos por la Administración forestal hasta el 31 de diciembre de 1976 (año de clasificación del monte vecinal)..... 0.-pts

Ingresos obtenidos por la Administración forestal desde el 1 de enero de 1977 hasta el 31 de diciembre de 2004..... 0.-pts.

Durante el año en curso no se han producido gastos ni ingresos.

a) Gastos desde la fecha de clasificación a día de hoy:

- Gastos totales	62.624.155.- pts
- Imputado a 321/55232	26.591.586.- pts
- Cofinanciación U.E. 72,5% s/19.735.195.-pts	14.308.016.- pts
- Preventivo de incendios 100% s/3.305.015.- pts	<u>3.305.015.- pts</u>
GASTOS PENDIENTES.....	18.419.538.- pts
- Gastos imputables a Meaus (100%).....	18.419.538.-pts
- Gastos de Admon: 7,85% s/18.419.538 pts.....	1.445.934.-pts.
- Gastos guardería: 1470 pts x 284 Has.....	<u>417.480.-pts</u>
TOTAL GASTOS	20.282.952.- pts.

b) Ingresos desde la fecha de clasificación a día de hoy:

INGRESOS TOTALES.....	0.-pts
- Ingresos imputables a Meaus	0.-pts.

c) Saldo del consorcio OR-3090 imputable a Meaus:

Saldo = Ingresos - Gastos = 0.-pts - 20.282.952.-pts = - **20.282.952.- pts. (121.903,00 euros) a favor de la Xunta de Galicia.**



Por todo isto, **proponemos:**

PRIMEIRO.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Cebreiro e Veiga
Número de elenco: 321/55257
Superficie: 284 ha.
Pertenza: Meaus
Concello : Baltar
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo: 70%
Participación da Consellería no voo: 30%
Saldo inicial da conta do novo convenio: **121.903,00 € a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que se aprobe a rescisión total do consorcio do monte "Comunal de Meaus e Tosende" OR-3090 de 284 ha., por pasar na súa totalidade ao novo convenio.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2005

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,



Jose Luis Chan Rodríguez

Visto e prace

O Director Xeral de Montes
e Industrias Forestais,



Alberto Blanco Casal

Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-
Santiago de Compostela.-



Visto o expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, relativo á transformación do consorcio OU-3090 do monte “Comunal de Meaus e Tosende”, cunha superficie de 284 ha., nun convenio coa Comunidade veciñal de Meaus, do Concello de Baltar, propietaria do monte vecinal en man común “CEBREIRO E VEIGA”, integrado pola totalidade da superficie do consorcio.

Vista a certificación de data 21 de outubro de 2005, do Secretario da Comunidade vecinal de Meaux-Baltar, na que se fai constar que en Asemblea Xeral da Comunidade celebrada o 20 de febreiro de 2005, acordouse solicitar o cambio do consorcio OR-3090 a convenio.

Visto o escrito de data 30 de agosro de 2005 do Presidente da Comunidade de montes veciñais en man común de Meaus-Baltar, no que solicita, asimesmo, a transformación do consorcio en convenio.

Vista a certificación do 28 de outubro de 2005, así como o informe da mesma data, ambos do Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense, no que se propón o seguinte:

- Que se rescinda na súa totalidade o consorcio OU-3090, cunha superficie de 284 ha.
- Que se aprobe o convenio do monte veciñal en man común “CEBREIRO E VEIGA”, con nº de elenco 321/55257, cunha superficie de 284 ha., sendo o saldo inicial da conta do convenio de 121.903,00 euros.

Vistas as disposicións legais de aplicación,

Esta Sección Xurídica INFORMA FAVORABLEMENTE a rescisión do consorcio OU-3090, e a aprobación do convenio do monte veciñal en man común “CEBREIRO E VEIGA”, nos termos propostos no informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2005.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

Asdo.: M^a José Tato Rocha.



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio do monte coas seguintes características:

Nome: Cebreiro e Veiga

Número de elenco: 321/55257

Superficie: 284 ha.

Pertenza: Meaus

Concello : Baltar

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo: 70%

Participación da Consellería no voo: 30%


Saldo inicial da conta do novo convenio: **121.903,00 € a favor da Xunta de**

Galicia.

SEGUNDO.- Que se aprobe a rescisión total do consorcio do monte "Comunal de Meaus e Tosende" OR-3090 de 284 ha., por pasar na súa totalidade ao novo convenio.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2005


O CONSELLEIRO
P.D. (Ordé do 12-08-2005)
O Secretario Xeral,

Alberte Souto Souto

Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais. -
Santiago de Compostela.-

C O N V E N I O

N.º	321	55257
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a de de dous mil

R E U N I D O S

Dunha banda, D. Alfredo Suárez Canal, Conselleiro do Medio Rural, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. Eurico Freitas Díaz como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de Meaus - Baltar, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 13-09-1961 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) ~~A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de montes de Meaus

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Cebreiro e Veiga

Termo municipal: Baltar

Provincia: OURENSE

Límites:

N.: T.M. Calvos de Randín

S.: Mais MVMC da súa propiedade e fincas particulares

L.: MVMC de Tosende

O.: T.M. de Calvos de Randín

Superficie: 284 Has

Estado forestal: unhas 12 has de fustal de *P.sylvestris* e unhas 120 Has de monte bravo (5-14 anos) de *P.sylvestris*.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: -----

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: a súa totalidade

Sen vexetación arbórea: Servidumes: as usuais de paso

3ª.- O chan continuará pertencendo a comunidade de montes de Meaus

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise). -

4ª.- A Consellería do Medio Rural aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería do Medio Rural, e os ingresos desta considerárase anticipo e, a partir del, aplicaráse á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR-3090 (284 Has)

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería do Medio Rural.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o Trinta por cento será para a Consellería do Medio Rural, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería do Medio Rural recibirá o ----- por cento, e a comunidade propietaria, o ----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería do Medio Rural excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería do Medio Rural procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería do Medio Rural, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería do Medio Rural asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería do Medio Rural, coa súa participación en beneficios que se asigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular. do Medio Rural

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería do Medio Rural se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería do Medio Rural do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería do Medio Rural, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. sylvestris como especie principal.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería do Medio Rural interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don Luis Miguel Segovía García, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "Cebreiro e Veiga" dos veciños de Meaus (Baltar)

2.—Que, así mesmo, figura Don Eurico Freitas Díaz, e Don José María López Peaguda, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 20/02/2009

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense a 6 de Outubro de 2005.

Don José María López Peaguda, Secretario de Comunidade de Montes de Meaus (Baltar)

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 20 de febreiro de 2005 estando designado Don Eurico Freitas Díaz representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en

Meaus
a 21 de octubre de dous mil...cinco

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: Eurico Freitas Díaz

Asdo.: José María López Peaguda

Don Alberte Blanco Casal, Director Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

Pola Consellería do Medio Rural

D. Eurico Freitas Díaz